DR. DOMINGO GARCIA-SABELL
SANTIAGO, 17-Febrero-1965.

C/DR. TEIJEIRO, 11
TELÉFONO 1330

Sr. D.
Luis Seoane.
BUENOS AIRES.-

Querido Luis : Recibín ó "Homenaje a Venecia". Penso que é unha das cousas tuas máis logradas. Sigues no camiño ascendente. A axeitada medida do teu formidable progreso é a distancia que media entre ó "Homenaje a la Torre de Hércules" e iste derradeiro homenaxe. Xa sei que son obras de distintos alcances pro, con todo e con iso, o senso de progreso que hai entre elas é evidente. O teu prólogo é dos textos máis fermosos que teñas escritos i está moi por riba do poema de Whitelow.

Un distes días entregarei a Galaxia o texto do meu limiar pró teu libro.

Saúdos moi cordiales de Elena e meus pra Maruxa. Tí recibe unha forte aperta do teu constante amigo e incondicional ademirador,

D. García Sabell.

¿Cándo vos teremos por eiquí?